



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: jmca

**Expediente núm. 2018/E001/000010
2021/G003/002337**

DECRETO DA CONCELLEIRA-DELEGADA DA ÁREA DE RÉXIME DE RECURSOS HUMANOS, INDUSTRIA E EMPREGO

ANTECEDENTES DE FEITO

No Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP) núm. 136, do 18/07/2018, publicáronse as bases e efectuouse a convocatoria para a selección, como persoal funcionario interino, de dúas persoas aspirantes, para ocupar senllas prazas de administrativo de administración xeral, vacantes no cadro de persoal funcionario.

Así mesmo, a convocatoria tiña por obxecto establecer unha lista de espera, de persoal administrativo, tanto de persoal funcionario interino como laboral.

Na acta da sesión de data 03/09/2018, o órgano de selección declarou aprobados e propuxo o nomeamento de funcionarios interinos por vacante ás persoas aspirantes Víctor Jesús Zorrilla Platas e Pilar Bermúdez González, e estableceu unha lista de espera formada por Sandra López Rodríguez e Zita López Teijeiro, a teor das puntuacións obtidas.

Posteriormente, o aspirante Víctor Jesús Zorrilla Platas presentou a súa renuncia ao nomeamento.

En data 07/09/2018 foi ditado o Decreto 1236/2018, no que se resolveu:

1º) Nomear a Pilar Bermúdez e Sandra López Rodríguez, para as prazas vacantes (funcionarios interinos por vacante).

2º) Contratar, en réxime laboral, a Zita López Teijeiro, para cubrir por incapacidade temporal (IT) e subseguinte maternidade, días de lactancia e vacacións, a baixa de Margarita Rivera Piñeiro.

Logo de rematado o contrato, a Sra. López Teijeiro pasaría a integrar a lista de espera, que formaba polo de agora o Sr. Zorrilla Platas.

En data 20/09/2018 a aspirante Sra. Bermúdez González anunciou por correo electrónico a súa decisión de renunciar por problemas familiares graves. Esta renuncia foi formalizada a través de escrito rexistrado de entrada no Concello na mesma data.

A nova renuncia obrigou a priorizar os nomeamentos de persoal funcionario interino, deixando sen efecto a contratación laboral acordada.

Por esa razón, foi ditado o Decreto 1297/2018, do 24 de setembro (corrixido polo Decreto 1301/2018, do 24 de setembro), no que se acordou o seguinte:

“1. Aceptar a renuncia ao nomeamento efectuada pola aspirante Pilar Bermúdez González, con DNI 76410554-T.

2. Nomear persoal funcionario interino por vacante, nas prazas de persoal administrativo de administración xeral (subgrupo C1) vacantes no cadro de persoal do Concello, as seguintes persoas:



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: jmca

- Sandra López Rodríguez, con DNI (...), para o posto da Área de Secretaría.

- Zita López Teijeiro, con DNI (...), para o posto da Área de Intervención.

3. A lista de espera queda formada do seguinte xeito:

1º) Víctor Jesús Zorrilla Platas

2º) Pilar Bermúdez González

4. Proceder a dar de alta na Seguridade Social e na nómina ás funcionarias interinas nomeadas, que tomarán posesión no prazo legalmente establecido.

5. Queda derogado o Decreto 1236/2015, do 7 de setembro.”

As aspirantes nomeadas interinas tomaron posesión o 25/09/2018. A Sra. López Rodríguez segue prestando servizos no mesmo posto e praza. Pola conta, a Sra. López Teijeiro renunciou voluntariamente cesando o 22/11/2019 (Decreto 1978/2019, do 22 de novembro).

Mediante o Decreto 2038/2018, do 11 de decembro, acordouse a exclusión da lista de Víctor Jesús Zorrilla Platas e Pilar Bermúdez González, dado que acumularon dúas renuncias o que conleva a súa exclusión definitiva da lista. Nesta mesma resolución estableceuse a lista de espera resultante da oportuna actualización, quedando formada coa seguinte orde de prelación:

1. Sandra López Rodríguez

2. Zita López Teijeiro

Inicado o procedemento 2020/X999/003100 para a provisión interina da vacante de administrativo - adscrita a Secretaría e encargada da levanza dos asuntos do padrón municipal e outros- prevista para o 09/01/2021 pola xubilación do funcionario titular, a Sra. López Teijeiro renunciou ao chamamento, polo que, a teor das bases, debería ser excluída, ao acumular dúas renuncias. Porén esta renuncia non se materializou, e foi chamada, renunciando tamén, para a substitución do administrativo de Urbanismo, de baixa por incapacidade temporal (expediente 2021/X999/003926). En todo caso, esta disfunción non tivo efecto práctico.

Por todo iso procede actualizar a lista de espera, deixando unha única integrante (Sandra López Rodríguez) e excluindo definitivamente da mesma a Zita López Teijeiro.

FUNDAMENTOS LEGAIS

Segundo o disposto no artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), a atribución para ditar a presente resolución está residenciada na Alcaldía. Porén, tal competencia foi delegada na concelleira-delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego a través do Decreto núm. 993/2019, do 24 de xuño (BOP núm. 121, do 28/06/2019).

Por todo iso, a través do presente decreto, RESOLVO:

1º) Excluir definitivamente (“expulsar”) da lista de espera de administrativos establecida no



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: jmca

Decreto 2038/2021, do 11 de decembro, a ZITA LÓPEZ TEIJEIRO, con DNI (cifrado) *8200**.**

2º) Establecer unha nova lista de espera, coa seguinte orde de prelación:

1. Sandra López Rodríguez, con DNI cifrado *5131**.**

Esta lista de espera é prioritaria respecto da que resultou do proceso selectivo tramitado co número de procedemento 2018/E001/000013, e que posúe carácter complementario, a teor das bases que a regulan, publicadas no BOP núm. 214, do 09/11/2018.

2. Publicar a presente resolución no taboleiro electrónico municipal e na páxina web municipal.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán as persoas interesadas interpor potestativamente o recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, tal e como establecen os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP). Se interpoñen o recurso de reposición non poderán interpoñer o recurso contencioso-administrativo até que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes desde a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lles teña notificada a resolución expresa, entenderase desestimada por silencio administrativo, e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñer o recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses, a contar dende o día seguinte ao daquel no que se producise a desestimación presunta. Se o recurso de reposición foi resolto expresamente o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar desde o día seguinte ao da notificación do acordo polo que se resolveu expresamente o citado recurso de reposición. Este recurso contencioso-administrativo poderá ser interposto ante o Xulgado correspondente do Contencioso-Administrativo, efectuando as persoas demandantes a elección que lles permite o artigo 14.1, regra segunda, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (LRXCA).

Malia o anterior, poderán impugnar directamente este acto administrativo ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa (artigo 123.1 da LPACAP). Para tal efecto poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da publicación da presente resolución, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo que corresponda, a teor da elección permitida as persoas demandantes polo artigo 14.1, regra segunda, da meritada Lei 29/1998, do 13 de xullo. Así mesmo as persoas interesadas poderán interpor calquera outro recurso que estimen procedente ou conveniente.

As Pontes de García Rodríguez, na data da sinatura dixital

A concelleira-delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego

Ana María Pena Purriños